

**RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2018 pola que se convoca a novena edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural. AGADER DOG Nº 94, 18/05/2018**

**Obxecto**

1. Aprobar as bases reguladoras dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, que se xuntan a esta resolución como anexo I, co seguinte código de procedemento administrativo MR709A.

2. Convocar para o ano 2018, en réxime de concorrencia competitiva, a novena edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural. Os premios que se convocan correspóndense coas seguintes categorías:

– **Categoría mozos**, para aquelas iniciativas levadas a cabo por mozos/as que constitúan unha aposta polo presente e o futuro do medio rural galego e da súa poboación. Para estes efectos, terán a consideración de mozos ou mozas quen non teña máis de corenta anos na data en que finalice o prazo para presentar a candidatura ou, no caso de persoas xurídicas, cando polo menos o 25 % dos seus membros cumpran este requisito.

– **Categoría proxectos culturais e de recuperación patrimonial no medio rural**, para todos aqueles proxectos orientados á posta en valor, conservación e recuperación de elementos patrimoniais do rural galego, así como aqueles aspectos da nosa cultura que se constitúen como sinais de identidade do medio rural.

– **Categoría proxectos de interese social**, orientados cara á integración dos colectivos máis desfavorecidos e que procuren a inserción social ou o coidado dos nosos maiores.

– **Categoría turismo**, para recoñecer aquelas iniciativas que contribúan ao desenvolvemento económico a través da potenciación da ampla riqueza dos recursos turísticos do medio rural de Galicia.

– **Categoría sector agro-gandeiro**, dirixida a proxectos desenvolvidos dentro dos sectores da gandaría, a agricultura e/ou o a transformación agroalimentaria que aposten polo valor engadido na súa produción.

– **Categoría mulleres**, orientada ás iniciativas levadas a cabo polas mulleres no medio rural, desde unha óptica de igualdade e progreso, en que serán fundamentais valores como o asociacionismo, a profesionalización e a innovación.

– **Categoría innovación tecnolóxica**, dirixida ás iniciativas desenvolvidas no medio rural galego que incorporen a innovación para obter un novo produto ou mellorar a calidade nos seus produtos ou servizos, para diminuír custos, para ofrecer unha maior gama de produtos ou servizos ou para seren máis rápidas na súa introdución no mercado.

– **Categoría premio á loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras agrarias**, destinada a premiar as iniciativas que puxesen en marcha proxectos ou experiencias que contribúan, directa ou indirectamente, a loitar contra o abandono de terras agrarias ou a favor da recuperación daquelas que xa están en situación de abandono, ou ben á visibilización deste como un problema grave para o conxunto da sociedade galega.

Cada un dos premios constará dun diploma e unha dotación en metálico de 10.000 €.

Cada iniciativa só poderá **presentarse a unha categoría**, para o cal debe marcar no modelo de solicitude (anexo II) o recadro correspondente á categoría a que opta.

### Persoas destinatarias

Poderán presentar candidaturas aos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural as **persoas físicas ou xurídicas** de natureza privada.

### Iniciativas que poden ser premiadas

1. Nos termos desta resolución poderanse conceder os premios ás iniciativas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que se localicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que contribúan de xeito singular a promocionar o medio rural e a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada.
- Que **estean executadas con carácter previo** á data de publicación da convocatoria.

2. Exclúense destes premios as iniciativas:

- Que obtivesen premio nalgunha das anteriores edicións dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural ou do premio Agader ao embelecemento do medio rural.
- Que se encontren en fase de deseño ou execución na data de publicación da convocatoria dos premios.
- Que se desenvolvan nos sectores da pesca e acuicultura.
- Que estean relacionadas coa exportación a terceiros países ou a Estados membros.

### Presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes das axudas **rematará o 18 de xuño de 2018**.